

NORMAS E FUNCIONAMENTO DAS CLASES PRESENCIAIS 20/21.

COVID-19

A continuación detallamos algúns aspectos sobre o funcionamento do centro este curso, mentres dure a pandemia provocada pola COVID-19, de especial interese para as familias. Son normas elaboradas a partir dos protocolos da Consellería de Educación, que figuran no Plan COVID do centro e que toda a comunidade educativa debe tratar de cumprir en todo momento para minimizar os riscos e que os nenos/as de Noalla poidan acudir á escola da maneira máis segura posible.

COMEZO DAS CLASES:

- As clases en Ed. Infantil e primaria darán comezo escalonadamente:
Xoves 10 de setembro: 4º e 5º de infantil (3 e 4 anos), 1º, 2º, e 3º de primaria.
Venres 11 de setembro: 6º de infantil (5 anos), 4º, 5º e 6º de primaria.

ANTES DE SAÍR DA CASA:

- Todas as familias deberán revisar a sintomatoloxía de cada alumno/a, seguindo a autoenquisa que se enviará.
- Os pais/nais ou tutores dos alumnos/as mediranlles todos os días na casa a temperatura. Mandaremos unha declaración responsable para que cada familia asine.
- Se algún alumno/a ou familiar sofre algún síntoma relacionado coa COVID-19, o neno/a non acudirá ao centro. Avisarán ao centro e ao pediatra. Estas faltas non fará falta xustificalas.

VIAXE NO TRANSPORTE ESCOLAR:

- Aqueles nenos/as que fagan uso do transporte escolar deberán levar posta en todo momento a mascarilla e asinaráselles un mesmo asento para todo o curso.
- A aquelas familias que teñan a posibilidade de levar aos alumnos/as ao centro en vehículo particular, camiñando..., recomendámoslles que o fagan.

ENTRADA:

- A partir das 8:50 cada alumno irá chegando e pasando directamente para a súa aula. Haberá mestres acompañándoos durante o percorrido e os titores esperaranos nas respectivas aulas. Infantil accederá pola porta principal e primaria pola traseira.
- Os transportados en autobús irán baixando por orde de chegada dos buses e entrando para as súas aulas.
- Os pais/nais non poden acceder ao centro a acompañalos. Deben quedar fóra do portal. Só poden acceder ao centro para labores administrativas indispensables e pregamos que non o fagan no momento das entradas e saídas.

ESTANCIA NO CENTRO:

- Os alumnos/as permanecerán no centro en grupos burbulla, sen mesturarse en ningún momento con outros grupos.
- Deben ter sempre a máscara posta (deben levar unha de reposto na mochila). En Ed. Primaria é totalmente obrigatoria e en Ed. Infantil non é obrigatoria pero si recomendable. Os pupitres estarán separados coa distancia mínima de 1,5 m e colocados no mesmo sentido.
- Os nenos/as co pelo longo deberán tráelo recollido para evitar que se toquen constantemente a cara.
- O material debe ser particular de cada neno/a. Non poderán compartir nin prestar material.
- En caso de utilizar algún material común será desinfectado en cada cambio de uso.
- Estarán sempre na mesma aula que será ventilada varias veces durante a mañán. Só cambiarán de aula para as clases de Educación Física.
- Os baños, pomos de portas e zonas comúns serán desinfectados varias veces durante a mañán. Se hai algún cambio de mestre ou de aula tamén se desinfectará o lugar que ocuparon.
- Os baños utilizaranse de maneira individual.

- Habberá dispensadores de xel hidroalcohólico en todas as aulas, baños e zonas comúns que utilizarán cada vez que accedan.

RECREOS:

- O patio estará dividido en 9 zonas distintas para que os grupos non se mesturen.
- As merendas realizaranse nas aulas ventilándoas e será o único momento no que sacarán a mascarilla.
- Sairán por orde de infantil a 6º acompañados polos titores, gardando as distancias de seguridade e cada grupo accederá a súa zona.
- Ao rematar, irán entrando pouco a pouco seguindo a mesma orde.

SAÍDA:

- A saída comezará ás 13:50 seguindo a orde de infantil a 6º de primaria. Infantil pola porta principal e primaria pola traseira, pouco a pouco e gardando as distancias. Cada titor acompañará ao seu grupo ata o portal donde cada pai/nai ou cada autobús os recollerá.

TITORÍAS:

- As titorías non poden ser presenciais. Celebraranse por chamada telefónica ou videochamada, a elección de cada titor. Os pais ou titores poden solicitar titorías respectivamente a través do whatsapp do centro.

EVENTOS E CELEBRACIÓNS:

- Non haberá eventos tales como Nadal, magosto, samaín..., donde habitualmente se xuntaban todos os escolares. Cada titor terá liberdade de celebralo como considere oportuno na súa aula.

*Todo o anteriormente dito está adaptado aos protocolos existentes a día 3 de setembro de 2020. A situación epidemiolóxica e os protocolos poden cambiar nos días que restan ata o comezo das clases. De ser así, avisaríamos dos posibles cambios.

Se algún pai/nai ten alguna dúbida, non dude contactar co centro a través do nº de tfno. 886151652.